



Resolución do 22 de abril de 2022, da Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos, pola que se recoñece a autora ou o autor galega/o máis lido polos clubs de lectura do ámbito educativo, no curso precedente, mediante o PREMIO DOS CLUBS DE LECTURA 2022. Esta iniciativa inscríbese no programa para o fomento da lectura en centros educativos, *Hora de Ler*, integrado no Plan LIA de Bibliotecas Escolares (Lectura, Información e Aprendizaxe) da Consellería de Cultura, Educación e Universidade.

A Consellería de Cultura, Educación e Universidade vén desenvolvendo, desde o ano 2007, unha iniciativa para o fomento da lectura destinada ao alumnado de ensino secundario, bacharelato, formación profesional e ensinanza de réxime especial a través dunha convocatoria anual que facilita o funcionamento de clubs de lectura nos centros de titularidade pública que acollen estas ensinanzas. Esta acción intégrase no programa *Hora de ler* para o fomento da lectura nos centros educativos, incluído á súa vez, no Plan LIA de Bibliotecas Escolares (Lectura, Información e Aprendizaxe).

Os clubs de lectura son, na actualidade, grupos de dinamización a prol da lectura nas comunidades educativas das que forman parte. Son espazos de convivencia e de educación cidadá, pero tamén ámbitos de aprendizaxe non formal que contribúen á adquisición de competencias clave, especialmente as do ámbito da comunicación e da información. Estes grupos son os primeiros en incorporarse á lectura dixital e integran as tecnoloxías da comunicación e da información de forma natural nas súas actividades. Paulatinamente, os clubs de lectura foron creando vínculos de colaboración e realizando actividades conxuntas que axudan a tecer unha rede de lectoras e lectores por toda a xeografía galega.

No curso 2021/2022 funcionan clubs de lectura, co apoio da consellería, en 346 centros de titularidade pública de ensino primario, secundario e post-obrigatorio. Unha boa parte destes clubs acolle varios grupos de lectura, en total 1216, dependendo do nivel de estudos, os intereses do lectorado ou as temáticas de lectura. Cómpre salientar que as reunións dos grupos de lectura realízanse fóra dos horarios lectivos (tempos de lecer ou horario extra-escolar). Neste curso participan directamente desta iniciativa doce mil lectoras e lectores, entre profesorado, alumnado e familias. Ademais, un 37% destes clubs integran un grupo de lectura de adultos, do que forman parte profesorado, persoal non docente e nais/pais da comunidade educativa; mesmo existen grupos mixtos nos que participa lectorado adulto xunto cos mozos e mozas.

Nos últimos cursos (trala lectura das memorias dos clubs que participaron nas convocatorias desta consellería), recolléronse os títulos lidos polos diferentes clubs de lectura e déronse a coñecer os autores e os libros máis lidos, cada ano académico, a través dos espazos web e os materiais do programa de bibliotecas escolares da consellería. Estes listados dos autores ou dos libros máis lidos teñen concitado o interese das lectoras e dos lectores, pero tamén doutros axentes do mundo do libro e da lectura en Galicia.

No ano 2015 a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria creou o Premio dos Clubs de Lectura, segundo Resolución da Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos do 23 de abril, co obxecto de recoñecer cada ano a aqueles autores e autoras que, cos seus libros, axudan á construción de lectoras e lectores nestas etapas da adolescencia e a mocidade que, no ámbito da lectura, están consideradas como etapas de risco de abandono, ao ampliarse o abano de estímulos e intereses. Uns creadores comprometidos coa lingua que achegan a materia prima coa que os clubs de lectura poden contribuír á extensión da lectura en galego. Até o momento recibiron este galardón os escritores Agustín Fernández Paz (2015), Leticia Costas (2016), Miguelanxo Prado (2017), Carlos Negro (2018), María Reimóndez (2019), Andrea Maceiras (2020) e Eva Mejuto (2021).

Co gallo da conmemoración do **Día Mundial do Libro 2022**, a Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos, desde a que se coordinan as intervencións da Consellería de Cultura, Educación e Universidade en materia de bibliotecas escolares e fomento da lectura, dispón:

Apartado 1. *Obxecto*

1. Recoñecer o labor das autoras e dos autores galegos que facilitan cos seus libros a función do profesorado como mediadores de lectura e que concitan o interese das lectoras e dos lectores que participan nos clubs de lectura. Con esta finalidade, creouse en 2015 o Premio dos Clubs de Lectura que, cada ano, se outorgará ao autor ou á autora de obra en galego que resultase seleccionado polo maior número de clubs de lectura, mediante a lectura de un ou varios títulos, no curso precedente¹.
2. Aplicar o criterio previsto para a concesión deste premio segundo a Resolución da D. X. de Centros e Recursos Humanos do 23 de abril de 2015, no seu apartado 2, punto 4: “*O Premio dos Clubs de Lectura poderá entregarse unha soa vez a un autor ou autora. No caso de que o primeiro creador da relación resultante nun curso xa tivese recibido o premio, este seralle concedido ao autor ou autora seguinte na relación*”.

Apartado 2. *Concesión do Premio dos Clubs de Lectura 2022*

Á vista dos resultados de lectura dos clubs no curso 2020/2021, a autora merecedora deste premio na presente edición é **Antía Yáñez Rodríguez**.

Comunicarase á escritora esta concesión e convidaráselle a participar na XIV Xornada dos Clubs de Lectura, onde recibirá a homenaxe do profesorado e, por el representado, de todos os lectores e lectoras participantes nos clubs de lectura dos centros de ensino primario e secundario de Galicia.

Santiago de Compostela, 22 de abril de 2022



Jesús Manuel Álvarez Bértolo
Director Xeral de Centros e Recursos Humanos